

**MOITAS E DISTINTAS** son as visións do amor que filósofos, literatos e artistas nos viñeron transmitindo ao longo dos séculos. Para uns era a forza capaz de mover o sol e as estrelas (Dante Alighieri), para outros unha arte que non se aprende pero que se sabe (Pérez Galdós), así tamén unha certeza (Iris Murdoch) ou o verdadeiro arquitecto do universo (Hesíodo)...

Pero a reiteración de certas imaxes relacionadas con este asunto fixeron que caese no tóxico, de aí que sexa tan de agradecer que Ánxeles Penas, en *Amor deshabitado*, se achegue ao tema amoroso desde unha perspectiva moito máis realista e profunda; xa, sen dúbida, deshabitada desta topicidade que a afogaba en falsas e repetidas visións. Trátase agora de falar do amor sen ocultar as verdadeas molestas ou aquilo que os namorados, mesmo os que máis fon-

damente o están, se negan a aceptar nese ser sobre o cal proxectaron a súa imaxe ideal.

Mais, para facer esta lectura, previamente, a autora e o eu poético tiveron que “Espir o corazón para recoñecelo todo”, feito que incide no que afirmaba Cesare Pavese ao dicir que “O amor ten a virtude de espir, non a dous amantes o un fronte ao outro, senón a cada un dos dous perante si mesmo”. Desta maneira, amar non é só proxectar sobre o outro un sentimento que nos enche senón pescudar nun mesmo a dimensión que este ten e a súa verdadeira repercusión sobre a nosa vida. Así, en *Amor deshabitado*, Ánxeles Penas procura poñer de manifesto aqueles trazos característicos do amor que até o de agora foran rexeitados das imaxes ideais ou encubertos baixo falsos espellismos: a ferida que comporta, o feito de acabar convertendo

en memoria maldita aqueloutros tempos que foron felices e, sobre todo e máis que nada, a derradeira e maior das mentiras: a súa capacidade para perdurar aínda despois da morte.

Este desenmascaramento do amor lévase a cabo na obra mediante a presenza, nalgúns dos textos e para reforzar o discurso da voz poética, de catro parellas xa arquetípicas e que proceden do mito e da literatura universal: Orfeo e Eurídice, Polifemo e Galatea, Ofelia e Hamlet, Romeo e Xulieta. Este cuarteto representa os diferentes pasos que o amante dá á hora de consolidar o seu sentimento: a busca –que nos leva ao inferno onde Eurídice, presa, agarda ao Orfeo liberador–, o enfeite –tal o que leva a cabo o deforme Polifemo para seducir á ninfa Galatea–, a entrega –cunha Ofelia inocente tratando de afastar os múltiples

fantasmas que roldan a Hamlet– e a radical transformación de quen ama coa *morte*, real ou virtual, do seu ser anterior e un novo renacemento –así Romeo e Xulieta abandonan a vida para fundirse tras o pasamento. Dos desgraciados exemplos destas parellas podemos deducir que “Para o que ama/ non hai outra saída que repousar a testa sobre a ara do sacrificio” e arriscalo todo. Mais o eu ten superado este momento pois, como anuncia Eurídice no primeiro poema deste libro, “Xa morrín NOVE VECES./ Xa non teño máis mortes./ XA TEÑO TODA A MORTE PARA VIVIRTE SEMPRE”. // **Teresa Seara**

**Amor deshabitado** ·  
Ánxeles Penas ·  
Espiral Maior, 2008 ·  
61 páx · 14 euros

